


Informe Foro debate da Cultura Marítima

Durante o primeiro semestre do ano 2022 realizouse un proceso participativo o longo da costa galega en forma de mesas participativas, que xeraron unha reflexión conxunta da cultura marítima desde diferentes perspectivas.

O Foro debate da Cultura Marítima foi un espazo de intercambio e discusión no que se expuxeron ideas e reflexións sobre o sector, ademais de coñecer outras realidades e tecer redes de apoio.

Cada experto preparou unha breve exposición da súa experiencia e puntos destacados das mesas participativas.

O evento foi gravado e retransmitido en directo para facelo máis accesible aos convidados que non puideron desprazarse ao evento en Vigo, así como outras persoas interesadas no foro.



Ligazón: <https://youtube/62Gc75jQd9U?si=U2LhWExs9XkhWdy4>

Aserores expertos

Ramón Rivas Villares

Presidente da Asociación Mar de San Ciprián, directivo do GALP A Mariña Ortegaleira e organizador de numerosas exposicións museísticas máis procesións e encontros de embarcacións tradicionais.

José Luis Sacau Fontenla

Licenciado en Matemáticas pola USC e profesor de secundaria en activo. Membro da xunta directiva da Asociación Cultural Mar de Muros e presidente de Culturamar dende 2020.

Rafael Lema Mouzo

Escritor e investigador. Delegado provincial da Real Liga Naval Española e directivo do GALP Costa da Morte.

Covadonga López de Prado Nistal

Directora do Museo Massó. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Xerardo Triñanes Fernández

Mestre carpinteiro de ribeira, experto en patrimonio marítimo flotante e presidente fundador de AGALCARI.

Pablo Carrera López

Doutor en bioloxía. Foi director do Museo do Mar de Galicia (2002 ata 2011), director do Instituto Español de Oceanografía de Vigo, así como coordinador da frota oceanográfica do IEO.